



ACTA N° 03/2014

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN DE O INCIO (LUGO), O DÍA CATRO DE ABRIL DE DOUS MIL CATORCE.

En O Incio, a catro de abril de dous mil catorce.

No salón de sesións da Casa Consistorial, réunese en sesión ordinaria e primeira convocatoria, o Pleno do Concello de O Incio, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa Dona Laura Celeiro García, e coa asistencia dos Sres Concelleiros:

- D. José Álvarez Vázquez (PP)
- D. Daniel Arias Jato (PP)
- D^a. Inés Fernández López (PP)
- D. José Antonio Valcárcel Pereiro (PP)
- D^a. Ana María Vizcaíno González (PP)
- D. José Carlos Pereiro Vázquez (PS de G-PSOE)
- D. Manuel Pombo Vila (PS de G-PSOE)
- D. Antonio López Fernández (CDL)
- D. Xosé Emilio Moscoso Rodríguez (BNG)
- D. Antón García Montero (BNG)

Asiste a Sra. Secretaria do Concello D^a. Águeda Martínez de Azcoitia Rey, que da fe do acto.

Aberta a sesión é declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (21/02/2014)

A Sra. Alcaldesa Presidenta pregunta ós demais membros do Pleno se teñen algo que obxectar á acta da sesión celebrada o día vinte e un de febreiro de dous mil catorce, sendo distribuída a súa minuta coa convocatoria, todo iso ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometida a votación a acta de data: 21/02/2014, foi aprobada cos votos a favor dos/das Sres/Sras. Concelleiros/as: Álvarez Vázquez, Arias Jato, Fernández López, Valcarcel Pereiro e Vizcaíno González do grupo municipal do Partido Popular, Celeiro García, Pereiro Vázquez e Pombo Vila, do grupo municipal do PsdeG, e López Fernández do CDL.

Con anterioridade ó inicio do seguinte punto da orde do día a Sra. Alcaldesa manifesta que de conformidade co artigo 91 do ROF vai a proceder a alterar a orde do día procedendo a continuación á toma de posesión de D. Xosé Emilio Moscoso Rodríguez e D. Antón García Montero.



2. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. XOSÉ EMILIO MOSCOSO RODRÍGUEZ (BNG).

Vista a credencial de Concelleiro expedida polo Presidente da Xunta Electoral Central a favor de D. Xosé Emilio Moscoso Rodríguez en substitución de D. Xosé Maceda Gallego, por renuncia do mesmo a dito cargo.

Formulouse polo designado a preceptiva declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais, de conformidade co preceptuado no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade o impedimento, a tenor do disposto na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, para adquirir a plena condición de Concelleiro.

A requerimiento da Alcaldía-Presidencia, o Sr. Moscoso Rodríguez procede a prometer o cargo de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, cumpríndose así os requisitos legalmente establecidos para tomar posesión do cargo de Concelleiro.

Por último, o novo Concelleiro é felicitado pola Sra. Presidenta e polo resto dos membros da Corporación.

3. TOMA DE POSESIÓN COMO CONCELLEIRO DE D. ANTÓN GARCÍA MONTERO (BNG).

Vista a credencial de Concelleiro expedida polo Presidente da Xunta Electoral Central a favor de D. Antón García Montero en substitución de D^a Ana María Jato Rodríguez, por renuncia da mesma a dito cargo.

Formulouse polo designado a preceptiva declaración sobre causas de posible incompatibilidade e actividades, así como a declaración de bens patrimoniais, de conformidade co preceptuado no art. 75.7 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, sen que exista causa algunha de incompatibilidade ou impedimento, a tenor do disposto na Lei Orgánica do Réxime Electoral Xeral, para adquirir a plena condición de Concelleiro.

A requerimiento da Alcaldía-Presidencia, o Sr. García Montero procede a prometer o cargo de conformidade coa fórmula establecida no Real Decreto 707/1979 de 5 de abril, cumpríndose así os requisitos legalmente establecidos para tomar posesión do cargo de Concelleiro.

Por último, o novo Concelleiro é felicitado pola Sra. Presidenta e polo resto dos membros da Corporación.



4. APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, REVISIÓN PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL.

Polo equipo redactor do proxecto faise unha valoración das alegacións feitas polo grupo municipal do Partido Popular e dáse resposta ás preguntas dos Concelleiros e persoas do público que solicitan intervir.

Intervén a continuación o Sr. Álvarez Vázquez e afirma que parece sorprendente que o informe dos técnicos sobre as alegacións non se entregara coa convocatoria do Pleno. Continúa dicindo que en liñas xerais resulta grato oír que hai certos erros e que non é un capricho retrasar a aprobación do Plan. Hai erros, hai edificacións que non aparecen (casas particulares, local social de Vilademouros...), nos límites municipais (aínda que se trate esta dunha situación máis complexa). Aparte, di, considera que é imprescindible que apareza a área industrial de Laiosa, e seguimos mantendo que se debe de contemplar no Plan a delimitación dos camiños, que aínda que según os redactores non é un traballo do Plan o certo é que hai un traballo de delimitación de camiños para 12 parroquias nos núcleos e entendemos que se debe completar para que non existan parroquias de primeira e de segunda. Finalmente di que recoñecido que hai erros o máis adecuado sería realizar unha exposición pública para que cada veciño puidera recibir toda a información.

A continuación o Sr. Moscoso Rodríguez expón que se deben considerar todos esos aspectos no Plan e que un plan que costou tanto diñeiro non debería fiarse tanto á fase de alegacións. Tenremos que facelas os concelleiros, e os veciños, di, e pode haber persoas que non teña recursos para plantexalas, por iso pide tempo para analízalo e que se convoque novo Pleno renunciando como o PP ás dietas. Continúa dicindo que o único documento que ten é a carta do PP, que tuvo que consultar con un técnico que lle costou 170 euros, que non está de acordo coa delimitación do término municipal, hai núcleos que non figuran delimitados, que falta a consideración municipal de algúns bens, que considera fundamental os traballos de topografía de camiños de todos os núcleos (recordando á Sra. Alcaldesa que nun Pleno de 6 de abril de 2010 preguntou sobre a existencia do inventario de bens). Finaliza dicindo que os parques empresariais non supoñen un gravame para os propietarios ata o momento no que se urbanizan, e que o parque de Laiosa está ben comunicado e nos adiantaríamos á segunda fase do de Bóveda ofertando un solo alexado dos núcleos de poboación.

O Sr. García Montero na súa intervención manifesta que o tema é preocupante e levamos tempo nesta historia. Afirma ademais que as alegacións non encontra problema en resolvelas entre todos e aprobalas por consenso. Pero, di, temos outro tema máis grave que son os valores catastrais, que no seu momento terá que loitar por baixalos en catastro.

O Sr. López Fernández pola súa parte afirma que despois de cinco reunións, e considerando que existe suficiente información é necesario aprovalo xa que os erros que puidera haber subsanase en fase de alegacións, e que considera que o que se intenta é retrasar a aprobación. Engade que no importante agora é reducir os núcleos.

A Sra. Alcaldesa remata dicindo que está de acordo co Sr. López Fernández. Que no punto no que estamos procede efectuar a aprobación inicial e se hai erros corrixilos na fase de alegacións. Que houbo reunións con todos os Concelleiros e os técnicos. Que o 14 de marzo tiveron a última á que asistiron Xosé Emilio e Antón, e que sabían que se ía a levar a



aprobación a este Pleno e puideron pedir toda a documentación que precisaran.

Finalmente a Sra. Alcaldesa lee a súa Proposta:

PRIMEIRO: Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal de O Incio, nos términos que consta no expediente co debido dilixenciado pola Secretaría da Entidade.

SEGUNDO: Someter o expediente a prazo de consultas e información pública polo prazo de dous meses mediante anuncio no taboleiro de anuncios, no Diario Oficial de Galicia e en dous dos periódicos de maior difusión provincial. Durante dito período quedará o expediente de manifesto na Secretaría da Entidade, en horario de atención ao público, de luns a venres, de 08:00 horas a 14:00 horas. En dito prazo, igualmente os interesados poderán formular as alegacións que teñan por conveniente para a defensa dos seus dereitos e intereses.

TERCEIRO: De conformidade co [art. 10.1.b\) de la Ley 9/2006, de 28 de abril](#), sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, dar audiencia individualmente ás Administracións Públicas afectadas e ao público interesado para que nun prazo de cuarenta e cinco días poidan examinar o Plan Xeral e o Estudio de Impacto Ambiental, aos efectos de que poidan formular as observacións que estimen pertinentes.

CUARTO: Suspender o outorgamento de licenzas urbanísticas naqueles ámbitos de núcleo rural clasificados como solo rústico polo Plan que se vai aprobar inicialmente. No resto do territorio o Concello poderá conceder licenzas sempre e cando se cumpra simultaneamente a normativa do Plan vixente e do aprobado inicialmente. A suspensión terá a duración prevista na Lei.

QUINTO: Ordear a interrupción do procedemento de outorgamento das referidas licenzas, e notificar este acordo persoalmente a quen tivesen presentadas solicitudes de licenza con anterioridade á data do mesmo.

SEXTO: Requerir os informes, dictámes ou outro tipo de pronunciamentos dos órganos e entidades administrativas xestoras de intereses públicos afectados, previstos legalmente como preceptivos, que deberán ser emitidos nesta fase de tramitación do Plan Xeral e nos prazos que estableza a lexislación sectorial correspondente.

SÉPTIMO: Practicarase, de forma simultánea, comunicación aos órganos e Entidades administrativas xestoras de intereses públicos con relevancia ou incidencia territorial, para que, se o estiman pertinente, poidan comparecer no procedemento e facer valer as esixencias que deriven de ditos intereses. Igual trámite se practicarás cos Concellos dos Municipios colindantes.

Neste estado sometida a votación a aprobación inicial da revisión do Plan Xeral de Ordenación Municipal, foi rexeitada cos votos en contra dos/das Sres/Sras. Concelleiros/as.;



Álvarez Vázquez, Arias Jato, Fernández López, Valcarcel Pereiro e Vizcaíno González do grupo municipal do Partido Popular, e Moscoso Rodríguez do Bloque Nacionalista Galego, e os votos a favor dos Sres/Sras Concelleiros/as Celeiro García, Pereiro Vázquez e Pombo Vila, do grupo municipal do PsdeG, López Fernández do CDL e García Montero do BNG.

5. NOMEAMENTO, SE PROCEDE, XUIZ DE PAZ TITULAR.

A Sra. Alcaldesa lee a Proposta:

Visto o oficio da Secretaría de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza a fin de que polo Concello se iniciara un novo expediente para elección de Xuíz de Paz Titular, pola finalización do periodo de nomeamento.

Resultando que a vacante se anunciou mediante convocatoria pública indicando o prazo e lugar de presentación das instancias remitida ao Boletín Oficial da Provincia e publicada tamén no Taboleiro de Anuncios.

Resultando que no prazo indicado tivo entrada no Rexistro do Concello as solicitudes seguintes:

- Don José Antonio Arias Fernández
- Doña María del Pilar Gallego Núñez
- Doña Lara Sevilla Ferreiro

Esta Alcaldía considera a D^a María del Pilar Gallego Núñez a máis idónea para o cargo de Xuíz de Paz Titular e propón ao pleno o seu nomeamento.

Neste estado, o Pleno por unanimidade dos seus membros acorda o nomeamento como Xuíz de Paz Titular de D^a María Del Pilar Gallego Núñez.

6. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, a Presidencia dá conta das Resolucións e Decretos de Alcaldía adoptados desde a última sesión ordinaria celebrada o día tres de xaneiro de dous mil catorce, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no artigo 22 da Lei 7/1985 de Bases do Réxime Local.

7. MOCIÓNS OU OUTROS ASUNTOS A TRATAR DE URXENCIA, SE OS HOUBERA.

Terminado o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de entrar ao turno de rogos e



preguntas, a Sra. Alcaldesa, de acordo co disposto no artigo 91.4 do ROF, pregunta si algún Grupo Político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia, algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Non se presentan mocións.

8. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Álvarez Vázquez roga á Sra. Alcaldesa que encargue ese traballo de topografía para que non haxa núcleos de primeira e de segunda.

A continuación a Sra. Alcaldesa procede a dar resposta á pregunta formulada polo grupo municipal do PP no pasado Pleno

PREGUNTA:

Sra. Celeiro, na semana pasada, os pais dos Alumnos do C.E.I.P Ricardo Gasset de O Incio recibiron nos seus domicilios un escrito en papel timbrado do Colexio mencionado e firmado polos “ Profesores do Colexio”, que dí literalmente:

Queridas Familias:

Con gañas e ilusión propuxémonos este curso realizar para as familias un festival de Nadal, no que tiñamos previsto convidarvos, pero despois de moitos intentos (Chamadas, escritos ...) solicitando colaboración ao Concello, nos arranxos necesarios, para sacar adiante o noso proxecto, e debido á falta total de interese amosado por parte da alcaldía, moi ao noso pesar, vémonos na obriga de suspender as actividades previstas... polo que faremos un acto pechado so para os nenos ao non ter acondicionadas as instalacións necesarias que levamos meses solicitando.

Aproveitamos tamén para dicirvos que este ano o noso Colexio non foi convidado a participar no Concurso de Postais de Nadal, no que ano tras ano acostumamos a participar, mentres que outro Colexio non pertencente a este Concello recibiu información directa por parte desta Alcaldía e se insistiu na súa participación.

Un saúdo.

Sra. Celeiro:

É certa esa falta de colaboración á que se fai referencia nesta misiva?

Resposta: Non

De ser certa, a qué se debe, polo tanto esa falta de colaboración?

Resposta: Contéstase coa anterior.

Por qué motivo non se invitou ó Colexio do Incio para participar no Concurso de Postais mentres que outros Colexios sí foron informados sobre este Concurso?

Resposta: Invitouse igual ca outros colexios. O concurso é público, foi publicado na web do Concello, no xornal O Progreso e en todos os taboleiros de anuncios das parroquias



A continuación a Sra. Alcaldesa procede a dar resposta ás preguntas formuladas polo grupo municipal do PP mediante escritos presentados o día 21 de febreiro de 2014:

PREGUNTA:

Sra. Celeiro, no Pleno celebrado o día 3 de Xaneiro de 2014, no marco do debate da MOCION presentada polo Grupo Popular de O Incio con título “MOCIÓN PROPOSTA CORRECCIÓN DE ERROS DO PXOM”, vostede explicábase ós alí presentes, concelleiros e veciños, que da Proposta feita por nós, o Grupo Popular de O Incio, se dera traslado ó Equipo Redactor do PXOM, para que evaluase a mencionada PROPOSTA, e que a finais dese mesmo mes de Xaneiro, convocaría un Pleno Extraordinario, previa reunión cos Grupos Políticos, para tratar a Reforma do PXOM e para súa Aprobación Inicial, así consta na Acta da Sesión Plenaria celebrada nesa data do 3 de Xaneiro.

Encontrándonos a día 21 de Febreiro e observando, que nin se tivo reunión cos Grupos Políticos, ó menos co noso Grupo, nin se convocou Pleno Extraordinario para tratar este asunto, solicitamos resposta as seguintes:

- 1.- ¿A qué se debe a demora para tratar este asunto en reunión coas demais forzas políticas da Oposición e posteriormente en Pleno?
- 2.- Dende o Pleno celebrado o día 3 de Xaneiro de 2014, ¿Encargouse ó equipo redactor ou a calqueira outro técnico a rectificación dos erros que este Grupo, o Grupo Popular de O Incio, puña de manifesto na súa MOCION – PROPOSTA DE CORRECCIÓN?
- 3.- De ser o caso, ¿Qué tipo de traballos se fixeron ou se están a facer sobre este asunto?

O Sr. Álvarez Vázquez, preguntado pola Sra. Alcaldesa se é necesario que responda á pregunta contesta que non.

PREGUNTA:

Sra. Celeiro, dende hai uns días observamos que se están facendo movementos de terra e unha explanación do terreo na zona de Carboeiro, en fronte do Campo de fútbol do mesmo nome, ó carón da estrada que vai dende Sta Cruz de O Incio a Outara. En vista de que vostede, segue con esa forma pouco transparente de gobernar a pesar de aprobar no seu día unha Comisión de Obras e non informa nin consulta ó resto das forzas políticas da Oposición, ó menos ó Grupo Popular de O Incio, rogámoslle nos de resposta ás seguintes preguntas:

- 1.- De quen partiu a iniciativa desta obra?
- 2.- Se foi a Alcaldía, Qué finalidade ten a mesma?
- 3.- Qué custe teñen estas actuacións, independentemente de quen asuma a súa financiación?
- 4.- Con qué fondos se financia esta obra?

O Sr. Álvarez Vázquez manifesta que non é necesario que responda á pregunta.



PREGUNTA:

Sra. Celeiro, no Pleno celebrado o día 4 de Outubro de 2013, o Grupo Popular de O Incio, ante a finalización do Contrato que o Concello mantíña coa Empresa encargada do mantemento do Sistema de Alumeado Eléctrico e a comunicación a esta Empresa da non continuidade ou renovación na prestación dos seus servizos, preguntoulle polo sistema de xestión e de mantemento que se seguiría a partires dese momento. Vostede contestou a esta pregunta: “que non se ía a firmar ningún contrato de mantemento similar ó existente anteriormente, que se avisaría á Empresa oportuna no caso de avarías...”

Dende esa data, observamos, que unha persoa coñecida como Elías, (non sabemos, si como autónomo, si como empresa) e nalgũa ocasión, máis de unha persoa ou empresa, están levando a cabo labores, con bastante frecuencia e pódese dicir, de xeito habitual, sobre o sistema de Alumeado Público do Concello.

Ante esta nova situación, en canto ó Sistema de Alumeado Público se refire, e co obxecto de estar plenamente informados de calquera relación contractual que o Concello poida establecer, solicitamos resposta inmediata ás seguintes:

1.- Qué tipo de servizos están prestando as anteditas persoas sobre o Sistema de Alumeado Público en distintos lugares do Concello, por exemplo Barbáin?

Resposta: Por unha banda hai unha empresa contratada pola Deputación instalando as luminarias de baixo consumo e por outro lado Elias González Gallego cuxos servizos se abonan a través de facturación das tarefas encargadas.

2.- En qué réxime están estas persoas, prestando servizos ó Concello?

Resposta: Enténdese contestada na anterior.

3.-Estableceu o Concello unha nova relación contractual para o mantemento do Sistema de Alumeado Público?

Resposta: Non.

4.- De ser o caso anterior, Cal é o prezo pola prestación deste servizos?

Resposta: Depende dos traballos que se lle encarguen.

Finalmente o Sr. Álvarez Vázquez pregunta á Sra. Alcaldesa se sigue habendo problemas nas relacións co C.E.I.P Ricardo Gasset de O Incio ou van a colaborar na realización de actividades.



E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, a Sra. Alcaldesa levanta a sesión, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estando a presente acta da que como Secretaria dou fe.

A ALCALDESA PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo.- Laura Celeiro García

Asdo.- Águeda Martínez de Azcoitia Rey